

NO OVO

Texto e ilustracións de **EMMA LIDIA SQUILLARI**

Tradución de **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón. 23,5 x 28,5 cm. 40 páx. 16,50 €.

No ovo (galego)

ISBN 978-84-1343-043-0. Demademora.

En el huevo (castelán)

ISBN 978-84-1343-044-7. Obras de autor. Primeros lectores.

Dins l'ou (català)

ISBN 978-84-16804-98-6. Obres d'autor. Primers lectors.

Arrautzan (euskara)

ISBN 978-84-9172-196-3. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

No ovo (português)

ISBN 978-989-749-127-6. Obras de autor. Primeiros leitores.

Dentro do ovo, todo era silencio.

Estaba quentiña e cómoda.

Pero xa nada era como antes.

Cando saín do meu ovo,

descubrín con sorpresa


que non estaba soa...

Doce ovos e, en cada un -todos de diferentes tamaños, cores e texturas- unha criatura a piques de nacer. Ao principio, o interior da casca é un lugar cómodo e seguro pero axiña o espazo vai minguando a medida que os animalíños medran. Ata que chega o emocionante momento de nacer!

O pitiño, o parrulo, a tartaruga, o crocodilo... unha ducia de especies ovíparas -entre aves, mamíferos e réptiles- habitan neste libro no que é necesario prestarlles moita atención ás ilustracións. Nelas está a chave para comprender o sentido do texto, breve, sinxelo e enigmático.

Cómpre identificar cal dos personaxes é o narrador da historia, por que motivo van faltando animais a medida que avanzan as páxinas... «No ovo» é un álbum moi versátil, divertido e enxeñoso: un xogo de números, un desafío visual, unha aproximación ás leis da natureza... co humor e coa transgresión como fíos condutores.

Resalta a progresión narrativa, a complementariedade entre as palabras e as imaxes incentivando a curiosidade e a intriga, ata a sorpresa final. As acuarelas e os lapis de cores danlle forma a uns simpáticos e expresivos animais.



■ **Temática:** animais ovíparos, presas e depredadores.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** fauna, natureza, cadea alimentaria; números; emocións; humor.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/no-ovo-g>

Emma Lidia Squillari

(Italia, 1991)

Licenciada en Ilustración pola Facultade de Belas Artes de Boloña, onde reside actualmente. Ampliou a súa formación cun mestrado nesta especialidade, do que xurdiu o seu primeiro libro, publicado en 2018. Ten participado en numerosas exposicións colectivas en varios países. «No ovo» é o seu segundo libro.

<http://www.instagram.com/emmalidiasquillari>

